



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: [ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es](mailto:ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es)

web: [www.ieslauroolmo.gal](http://www.ieslauroolmo.gal)



### **ORIENTACIÓN PARA AS FAMILIAS SOBRE O PROTOCOLO COVID-19**

As medidas para adoptar polo noso centro educativo teñen por obxecto previr e evitar a propagación do COVID-19 por parte dos estudantes e os traballadores do centro que poidan estar expostos ao mesmo. Buscamos:

- Dar a coñecer as medidas de prevención e actuacións que se deben poñer en marcha fronte a COVID-19 para garantir a saúde do alumnado e o persoal do centro educativo.
- Atender e manter a alerta mediante o carácter dinámico das medidas e posibles actualizacións en función das directrices establecidas polas autoridades sanitarias.
- Activar unha estratexia de consulta, diálogo e coordinación dos grupos de convivencia no centro educativo.

### **IDEAS BÁSICAS:**

- Débese promover o **distanciamiento social** (termo que se aplica a certas medidas que se adoptan para frear a propagación dunha enfermidade altamente contagiosa, limitando a concentración de grandes grupos de persoas). Manteremos aulas e grupos con distancia de 1,50 m e separacións nos patios, así como entradas por separado tanto en tempo como en espazo.
- **Todo o alumnado**, profesorado e demais persoal do centro educativo **deberá utilizar máscaras en todo momento** nas instalacións do centro educativo. **O alumnado terá que traer na súa mochila outra máscara de reposto.**
- **Debese intensificar as medidas hixiénicas, o lavado de mans**, obrigando aos alumnos e alumnas a lavarse as mans regularmente e sempre que se toquen obxectos e superficies de contacto. Para isto hai hidroxel, nas entradas e en todas as aulas do centro. Ademais de auga e xabón nos baños. Aconséllase que o alumnado teña seu propio xel na mochila, como un obxecto de uso frecuente.
- **Intensifícanse as medidas de limpeza e desinfección en todo o recinto escolar** (espazos, utensilios e/ou materiais). O alumnado terá á súa disposición, panos desbotables e viricidas para cando faga falta limpar a súa mesa ou algún utensilio.

### **ANTES DA ENTRADA AO CENTRO**

- Os e as estudantes, con síntomas claros compatibles cun COVID-19, con ter un deles é suficiente para non asistir, **non deberán acudir ao centro educativo**. É recomendable que se tome a temperatura na casa, en caso de ter máis de 37,5 non vir a clase e se poña en contacto co seu pediatra e médico de cabeceira.
- Os pais, nais ou tutores-as legais do alumnado ou o alumnado maior de idade asinarán unha declaración responsable na que se comprometen a non enviar ao alumnado ao instituto, se ten algún síntoma compatible co COVID-19.
- Considéranse síntomas de COVID-19 os seguintes: **Febre maior de 37,5 °C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa (cansazo), dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, diarrea**
- Non poderán vir a clase as persoas que estiveran en contacto cun positivo ate que os centros de saúde llelo indiquen.
- Non poderán ir ao instituto as persoas pendentes do resultado dunha PCR.
- As faltas debidas ao anteriormente exposto serán xustificadas.
- As familias ou o alumno/a maior de idade avisarán ao centro por teléfono, da ausencia e a súa causa.

### **ENTRADA AO CENTRO**

- A entrada ao centro farase de forma graduada, para evitar tumultos e manter as distancias. Habrá tres portas de entrada: **Porta principal ou porta A, Portalón de automoción ou porta B e Porta traseira, detrás do pavillón, porta C.**
- O alumnado entrará só cando toque o timbre correspondente.
- O alumnado seguirá o camiño indicado, mantendo a distancia cos seus compañeiros e dirixirase á porta indicada para cada grupo:
  - 1º, 2º e 3º da ESO entrarán polo portalón B, igual que os adultos.
  - Bacharelatos e 4º da ESO pola porta lateral a da rampla igual que o alumnado do ciclo de dependencia.
  - Ciclos formativos entrarán ao edificio B ou ao taller de automoción.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



### ESCALONAMIENTO DE ENTRADAS E SAÍDAS

#### MAÑÁS

PORTA A		PORTA B		PORTA C		
ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA	
4º ESO	8,30 h	14 h	1º ESO 8,30 h	14,00 h	1º Ciclos e FPB 8,30 h	14,05 h
1º Bacharelato	8,35 h	14,05	2º ESO 8,35 h	14,05 h	2º Ciclo e 2º FPB 8,35 h	14,10 h
2º Bacharelato	8,40 h	14,10	3º ESO 8,40 h	14,10 h		

#### TARDES

PORTA A		PORTA B		PORTA C		
ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA	
4º ESO	15,40 h	17,10 h	1º ESO 15,40 h	17,10 h	1º Ciclos e FPB 15,50 h	18,05 h
1º Bacharelato	15,45 h	17,15 h	2º ESO 15,45 h	17,15 h	2º Ciclo e 2º FPB 15,55 h	18,10 h
2º Bacharelato	15,50 h	17,20 h	3º ESO 15,50 h	17,20 h	Adultos e ZM Dependencia 16,00 h	

#### NA AULA

- O alumnado irá á súa aula vixiado polo profesorado de garda, na aula estará o profesor-a á espera e será o encargado de que o alumnado desinfecte as mans con hidroxel, e se sente no seu posto.
- Nas aulas, laboratorios, talleres e en todas as entradas do centro haberá xel hidroalcolico a disposición do alumnado.
- A aula permanecerá coas ventás abertas mentres o tempo o permita, cando sexan períodos de frío ventilarse continuamente durante a clase, durante todo o recreo e á saída.
- Colgará a súa roupa no percheiro ordenadamente e colocará a mochila colgada no lateral da mesa.
- As mesas están colocadas á distancia de 1,50 m e sinalada no chan. Non poderá moverse pola aula, nin nos cambios de clase.
- Usará soamente material propio, non pode compartir cos compañeiros.
- Non poderá manipular ventás, subir as persianas, tizas ou ordenador, será o profesorado quen o faga.
- Na aula haberá papeleiras con pedal, panos desbotables e viricidas para desinfectar.
- Cando un alumno-a se atope mal, será acompañado polo profesor-a á planta baixa e irá á aula COVID. Chamaremos á familia e permaneceremos con el ou ela, ate que cheguen os pais.
- En caso dun contaxio dun alumno ou alumna por COVID-19, o centro levará a cabo o que determinen as autoridades sanitarias e llelo comunicará ás familias.

#### NOS RECREOS

- O alumnado sairá de forma graduada e ordenada de 5 en 5 minutos. Dende as 10:00 ás 10:10 ou das 12:00 ás 12:10 h.
- Terá zonas acotadas por cursos.
- Poderá facer uso da biblioteca e da cafetería segundo as normas, pero non poderá quedar en corredores nin na entrada. Si nos corredores do xardín e nas pistas.
- O regreso as aulas será escalonado, entrando antes os que saíron antes.

**A SAÍDA** Farase escalonadamente e de forma ordenada como indicamos no cadro adxunto.

**TRANSPORTE** O alumnado de transporte entrará no centro e esperará na súa zona. Recoméndase que o alumnado que poda veña andando ou en bicicleta.

**COMEDOR** Dependendo o número farase en unha ou dúas quendas. Con vixiancia polas coidadoras ate que inicien as clases.

**COMUNICACIÓNS:** Usaremos a páxina web, abalar móbil e o teléfono, ademais do facebook do IES Lauro Olmo.

**EDUCACIÓN PARA A SAUDE E FORMACIÓN COVID:** A través das titorías e nas clases de bioloxía ou sanitaria, faremos campañas de prevención do COVID-19, así como preparación de medios telemáticos e formación para o alumnado, para a realización de traballo dende a casa en caso de confinamento.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: [ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es](mailto:ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es)

web: [www.ieslauroolmo.gal](http://www.ieslauroolmo.gal)

